

## BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CATEGORÍA DE ENCARGADO/A DE BIBLIOTECA E MONITOR/A NO CONCELLO DE MACEDA (OURENSE) EXERCICIO 2024

### 1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto destas bases é o establecemento dunha bolsa de traballo para poder formalizar contratacións laborais temporais de encargado/a de biblioteca e monitor/a, durante o ano 2024, por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo.

**-Contrato por circunstancias da produción:** enténdense por *circunstancias da produción o incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións*, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require sempre que non respondan aos supostos incluídos no artigo 16.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Entre as oscilacións enténdense incluídas aquelas que deriven das vacacións anuais.

Neste suposto o contrato **non poderá ter unha duración superior a seis meses**. Por *convenio colectivo de ámbito sectorial* poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano.

No suposto de que o contrato se concerte por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderá prorrogarse, mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poda exceder de dita duración máxima.

Igualmente, poderán formalizarse contratos por *circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada* no previsto no RDL 32/2021. As empresas **solo poderán utilizar este contrato un máximo de 90 días no ano natural**, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un de ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato. Estes 90 días non poderán ser utilizados de maneira continua.

**-Contrato para a substitución de persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo:** neste caso debe especificarse no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución.

O contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura mediante contrato fixo, sen que a duración poida ser superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido no convenio colectivo, nin poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dita duración máxima.

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



A vixencia da bolsa será polo prazo dun ano coa posibilidade de prórroga por outro ano.

## **2.- FUNCIONS OU TRABALLOS A REALIZAR.**

As funcións de encargado/a de biblioteca e monitor/a serán as correspondentes ao de encargado/a do Servizo de Biblioteca e monitor do Servizo de conciliación, segundo a relación de postos de traballo municipal ou o instrumento organizativo equivalente e vixente en cada momento, e que resulten propias da capacitación profesional, formativa e legal inherente.

## **3.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

### **3.1.- Xerais**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condición de obter a titulación académica esixida nas bases e, de ser o caso, para o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto a cubrir.
- e) Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.  
No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega que se esixa nas bases.

---

### **Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



As persoas aspirantes que non posúan o devandito título deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistirá en traducir do castelán ao galego, nun tempo máximo de trinta (30) minutos e sen axuda de dicionario, un texto facilitado polo órgano de selección acorde ás características funcionais da praza convocada. A proba realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas aspirantes propostas para a obtención de praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo.

g) Cumprir os demais requisitos esixidos nas bases.

As persoas aspirantes deberán posuír tódolos requisitos sinalados o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes de participación no proceso selectivo e conservarlos na data en que sexan contratados/as como persoal laboral temporal, de ser o caso.

### 3.2.- Específicos

a) Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do Celga 3 ou equivalente homologado segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

b) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, do título de graduado/a escolar, formación profesional de primeiro grao, graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

## 4.- MODALIDADE E DURACIÓN DO CONTRATO.

As modalidades contractuais serán as reguladas no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

**Contrato por circunstancias da produción:** enténdense *por circunstancias da produción o incremento ocasional e imprevisible da actividade e as oscilacións*, que aínda tratándose da actividade normal da empresa, xeran un desaxuste temporal entre o emprego estable dispoñible e o que se require sempre que non respondan aos supostos incluídos no artigo 16.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

*Entre as oscilacións enténdense incluídas aquelas que deriven das vacacións anuais.*

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



Neste suposto o contrato **non poderá ter unha duración superior a seis meses**. Por *convenio colectivo de ámbito sectorial poderase ampliar a duración máxima do contrato ata un ano*.

No suposto de que o contrato se concerte por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderá prorrogarse, mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poda exceder de dita duración máxima.

Igualmente, poderán formalizarse contratos por *circunstancias da produción para atender situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada* de acordo co previsto no RDL 32/2021. **Solo poderase utilizar este contrato un máximo de 90 días no ano natural**, independentemente das persoas traballadoras que sexan necesarias para atender en cada un de ditos días as concretas situacións, que deberán estar debidamente identificadas no contrato. Estes 90 días non poderán ser utilizados de maneira continua.

Neste punto, compre precisar o novo límite de encadeamento de contratos de duración determinada, que se aplicará aos contratos subscritos tras a entrada en vigor do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Despois da data 30/3/2022, as persoas traballadoras que fosen *contratadas durante un prazo de 18 meses, nun período de 24 meses, con ou sen solución de continuidade*, para o mesmo ou diferente posto de traballo, *mediante dous ou mais contratos por circunstancias da produción, sexa directamente ou a través da súa posta a disposición por empresas de traballo temporal, ou cando se produzan supostos de sucesión ou subrogación empresarial conforme ao disposto legal ou convencionalmente*, non poderán ser contratadas por un período de tempo de seis meses, quedando suspendido o seu chamamento para ser contratado/a a través da Bolsa de Emprego.

**Contrato para a substitución de persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo:** neste caso debe especificarse no contrato o nome da persoa substituída e a causa da substitución.

O contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para a súa cobertura mediante contrato fixo, sen que a duración poda ser superior a tres meses, ou o prazo inferior recollido no convenio colectivo, nin poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dita duración máxima.

A modalidade, duración e retribucións do contrato, xunto coa xornada de traballo (completa ou parcial) cumprirá á normativa laboral aplicable Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía de estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, o RDL 2/2015 e o Convenio colectivo en vigor para o persoal laboral na categoría correspondente.

---

#### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



## 5.- DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para participar neste procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases (anexo I), dirixiranse a Sra. Alcaldesa do Concello de Maceda e presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello (Xardíns Rosalía de Castro nº 1. 32700 Maceda, (Ourense) en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Maceda.* Neste último suposto debera comunicar ao concello esta circunstancia, mediante copia da solicitude selada ou rexistrada, a través do correo electrónico [notificacionelectronica@concellodemaceda.org](mailto:notificacionelectronica@concellodemaceda.org).

As bases íntegras xunto co anuncio da convocatoria publicarase no taboleiro de anuncios do concello, na páxina Web e na sede electrónica <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal>, co obxecto de cumprir cos principios de máxima publicidade e difusión da convocatoria.

Xunto coa instancia debidamente cuberta deberá achegarse a seguinte documentación:

- Modelo de instancia, *Anexo I*, no que se deberá facer constar a forma de localización inmediata, ben sexa por teléfono móbil ou correo electrónico, con indicación da elección preferente.
- Copia auténtica do NIF ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- *Anexo II* (Declaración xurada sobre non incompatibilidades e non inhabilitacións).
- Acreditación de estar en posesión dos requisitos específicos, Base 3.2.:

\*Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do *Celga 3 ou equivalente homologado* segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

\*Así mesmo, as persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título de graduado/a escolar, formación profesional de primeiro grao, graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a homologación.

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa (copia auténtica) de cada un deles (*Anexo III*).

As copias auténticas deberán estar realizadas pola secretaria deste concello, funcionario/a ou empregado/a público da oficina de asistencia ao rexistro deste concello, admitíndose tamén as que se realicen nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido que se presente a documentación para o seu posterior envío (sempre e cando se entreguen no dito rexistro para a remisión ao Rexistro Xeral deste concello), especificados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Así mesmo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

## 6.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A formulación da bolsa de emprego de persoal laboral temporal para a categoría de encargado/a da biblioteca e monitor/a do servizo de conciliación durante o ano 2024, coa posibilidade de prórroga por un ano, farase en función do seguinte baremo de méritos, cuxa puntuación máxima a acadar será de **10 puntos**, de acordo coa seguinte puntuación:

### 1. Experiencia profesional (máximo 7 puntos):

- Por cada mes completo de servizos remunerados prestados en postos de análoga natureza en Administracións Públicas: 0,10 puntos por mes traballado.
- Por cada mes completo de servizos remunerados prestados en postos de análoga natureza en empresas privadas: 0,05 puntos por mes traballado.

Neste apartado non se puntuarán os servizos prestados por conta propia, nin os prestados como monitor/a para particulares. Por mes entenderase 30 días naturais seguidos. Os períodos fraccionados valoraranse, só no caso de que superen os 15 días, proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado. No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contratos de traballo, de certificado de empresa ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do contrato, traballo desempeñado, categoría e a xornada. En todo caso será necesario achegar Certificado de vida laboral actualizado e emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social; non será obxecto de puntuación a experiencia laboral alegada que non quede acreditada en todos os termos indicados

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>





anteriormente.

## 2.- Formación complementaria.- Máximo 3,00 puntos

Pola realización de cursos de formación impartidos ou homologados pola Administración ou Organismo público correspondente que se consideren relevantes para o posto ao que se opta ou que posúan relación coas funcións a desenrolar, exceptuando xornadas, seminarios e conferencias ata un máximo de 3,00 puntos, de conformidade cos seguintes criterios:

- Por cada curso de 20 a 50 horas: 0,25 puntos.
- Por cada curso de 51 a 100 horas: 0,50 puntos.
- Por cada curso de 101 a 150 horas: 0,75 puntos.
- Por cada curso de máis de 150 horas: 1,00 puntos

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 20 horas e, polo tanto, non serán valorados.

Admítense tamén os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos.

Non se puntuarán aqueles cursos nos que soamente algún dos módulos que compoñen o curso estea relacionado co posto ao que se pretende optar.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia auténtica do diploma expedido pola entidade organizadora de ter finalizado con aproveitamento o curso; no suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en función das horas asistidas.

En caso de empate na valoración de méritos terá preferencia o/a candidato/a que obtivera maior puntuación na experiencia profesional e despois na formación complementaria.

Se aínda así continúa o empate, procederase á realización dun sorteo público para determinar a orde de puntuación, no suposto de ser preciso.

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



## 7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

O órgano de selección será colexiado e, como mínimo, constará dun Presidente, dous vogais e un secretario, que serán designados por resolución de Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á Sra. Alcaldesa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario, esta última persoa sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

## 8.- PROCESO DE SELECCIÓN.

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, **a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de quince días hábiles, na que se aprobe a lista provisional de persoas admitidas e excluídas**, cos nomes e apelidos, o número de documento nacional de identidade e, de ser o caso, causa de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da entidade e na sede electrónica do concello <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal>. Os/as aspirante/s excluídos/as poderán

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>





*emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión durante o prazo de DOUS DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do listado provisional de persoas admitidas e excluídas. Quen non presente a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes. As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na **resolución da Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se publicará no taboleiro de anuncios da entidade e na sede electrónica do concello. A resolución de Alcaldía pola que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas indicará, así mesmo, a composición do tribunal e a data e hora de realización polo tribunal do proceso de valoración de méritos alegados polos/as aspirantes definitivamente admitidos/as.***

Todas as notificacións que se realicen respecto a este procedemento de selección levaranse a cabo a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello de Maceda (Xardíns Rosalía de Castro nº 1. 32700 Maceda. Ourense) e na sede electrónica do concello <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal>.

O tribunal formulará proposta de formación da bolsa de traballo coas puntuacións obtidas polos/as aspirantes por orde de puntuación decrecente. A proposta do tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda. O acordo que adopte a Alcaldía será publicado para coñecemento de todos os/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

## **9.- CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para cubrir o posto de traballo de encargado/a de biblioteca e monitor/a no servizo de conciliación en réxime de persoal laboral, ordenadas segundo a puntuación obtida de modo descendente, para as contratacións temporais que procedan segundo a normativa aplicable.

A orde de chamamento dos/as aspirantes inscritos/as na bolsa será polo sistema rotativo.

O chamamento aos candidatos efectuarase por orde de prelación (de maior a menor puntuación) e de forma rotatoria ata esgotar a bolsa, é dicir, ata que non sexan todos os compoñentes nomeados, estes non poderán repetir.

O tempo de período mínimo será de un mes, polo que se a contratación do/a traballador/a non supera un mes, conservarase a súa puntuación e a súa posición na bolsa de emprego aos efectos de ser incluído en novos chamamentos.

Se a contratación do/da traballador/a, tras o primeiro ou sucesivos chamamentos supera o tempo de traballo de un mes, o/a traballador/a pasará ao último posto da bolsa.

A renuncia inicial a unha oferta de traballo, ou a renuncia durante a vixencia do contrato, non dará lugar á exclusión da Bolsa de traballo, pero ocasionará un cambio de lugar de posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da

---

### **Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



Bolsa.

Son causas que xustifican a renuncia a unha oferta de traballo e que implican o mantemento dentro da Bolsa de Traballo:

- Estar en situación de ocupado, prestando servizos no Concello como persoal contratado, en calquera das formas admitidas en dereito ou contrato de traballo con outros organismos, empresas, etc.
- Estar en situación de suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención cirúrxica, maternidade etc. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar á reposición no mesmo lugar da orde de lista nas Bolsas de Traballo en que se atopará a persoa afectada.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata segundo grao, o que deberá xustificarse documentalmente.
- Atoparse realizando algún curso de formación regrado, o que deberá acreditar documentalmente.
- Calquera outra situación de carácter extraordinario a xuízo da Entidade Local.

As persoas que integran a Bolsa de Traballo e fosen chamadas, e se atopen nas circunstancias que xustifican a renuncia, unha vez presentada por escrito no Concello a referida renuncia e a causa que a xustifica, deberán comunicar por escrito ao departamento de persoal que se produciu unha modificación das circunstancias anteriores e polo tanto, incorpóranse de novo a Bolsa de Traballo.

As persoas incluídas na Bolsa de Traballo terán que presentar datos persoais suficientes que permitan a súa pronta localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento.

Unha vez realizado o intento de localización polo medio de comunicación que a persoa, que forma parte da bolsa de traballo, establecece na solicitude ou anexo I, mediante comunicación telefónica ou correo electrónico, se non fose posible o contacto en **vinte e catro horas** acudirse á persoa seguinte. Si se opta pola comunicación telefónica, realizarase un mínimo de tres chamadas (tres intentos de contacto entre as 9:00 horas e as 14:00 horas, cun intervalo de 30 minutos entre cada chamada. O departamento de persoal deixará anotación escrita do anterior, para o seu coñecemento e constancia.

A persoa integrante da Bolsa que reciba proposta de oferta de traballo, nos termos anteriores, deberá proceder á aceptación ou rexeitamento da mesma, de forma inmediata. No suposto de rexeitamento, deberá quedar constancia a través de escrito presentado no Concello ou correo electrónico. Se non se presenta a renuncia, nos termos sinalados, quedará excluído/a definitivamente da lista.

A bolsa de traballo debidamente actualizada atoparase publicada de forma permanente na páxina web municipal.

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



A modalidade contractual que se empregará para contratar o dito persoal poderá variar en función da necesidade que se dea no momento, empregándose, cando procedan, as modalidades contractuais reguladas no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, modificado polo RDL 32/2021 de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

## **10.- VIXENCIA DA BOLSA DE EMPREGO.**

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases terá unha vixencia de 1 ano, coa posibilidade de prórroga por 12 meses.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de vixencia da bolsa de emprego aprobada por Resolución de Alcaldía.

Por outra parte, no suposto de que a bolsa de emprego resulte inoperativa poderase acudir a unha oferta de emprego público e utilizar os criterios previstos nestas bases para a selección de persoal mentres se tramita outro proceso de selección para formar unha nova bolsa de emprego.

## **11. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

O contrato realizarase mediante Resolución da Sra. Alcaldesa da Corporación, e previamente deberá solicitarse informe de existencia de crédito á Secretaría-Intervención municipal. A persoa seleccionada deberá achegar no prazo de tres días hábiles con carácter previo á formalización do contrato:

- Tarxeta sanitaria.
- Certificado do seu número de conta bancaria (IBAN).
- Certificado de non ter delitos de natureza sexual.

No caso de que a persoa seleccionada non reunise os requisitos necesarios para a contratación, será substituída pola seguinte da relación do proceso selectivo.

## **12.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS.**

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP,

---

### **Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Maceda.

E polo que, informámolo que os datos persoais dos participantes serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Maceda.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais:

Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para que sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin polo Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases deste concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos e a documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Maceda” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, e no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases e a selección e posterior contratación dos postos de encargado/a de biblioteca e monitor do servizo de conciliación.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos:

As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante do proceso selectivo.

12.4.- Os seus dereitos ao facilitarnos os seus datos:

Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://concellodemaceda.sedelectronica.gal>, tamén poderá solicitar exercelos nas dependencias do Concello en canto a: obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, tamén no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos tamén pode solicitalos ante este Responsable do Tratamento en: Xardíns Rosalía de Castro nº 1 (32700) Maceda (Ourense), tamén dirixíndose por vía mail a: [info@concellodemaceda.org](mailto:info@concellodemaceda.org) ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos e facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos:

---

### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



O Concello de Maceda comprométese no uso e tratamento dos datos persoais das persoas usuarias, respectando a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adaptar todas as medidas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente de protección de datos.

No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos:

Non están previstas cesións máis alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo.

### 13.- Normas xerais e impugnación.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense. No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

En Maceda, A Alcaldesa, D<sup>a</sup> Uxía Oviedo De Dios  
Documento asinado dixitalmente.

---

#### Concello de Maceda

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



**ANEXO I**  
**MODELO DE INSTANCIA.**

**SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CREAMIENTO DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE ENCARGADO/A DE BIBLIOTECA E MONITOR/A NO CONCELLO DE MACEDA PARA O EXERCICIO 2024.**

**DATOS PERSOAIS**

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NOME

DNI

TELÉFONO PARTICULAR

TELÉFONO MÓBIL

DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

MUNICIPIO E PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

CORREO ELECTRÓNICO

**EXPOÑO:**

Primeiro.- Que reúno os requisitos establecidos nas Bases que regulan a creación dunha bolsa de emprego para a categoría de encargado/a de biblioteca e monitor/a no concello de Maceda.

Segundo.- Que acepto na súa totalidade e me someto ás devanditas Bases polas que se rexe o proceso selectivo.

Terceiro.- Que achego a documentación sinalada no punto 5 das Bases:

- Copia auténtica do NIF ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración responsable (*Anexo II*).
- Acreditación de estar en posesión dos requisitos específicos previstos no punto 3.2 das Bases:

\*Acreditar o coñecemento da lingua galega mediante a posesión do *Celga 3 ou equivalente homologado* segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

\* Así mesmo, as persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título de graduado/a escolar, formación profesional de primeiro grao, graduado/a en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite a

---

**Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfn. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>





homologación.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa (copia auténtica) de cada un deles (*Anexo III*).

Que autorizo ó Concello de Maceda para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Solicito que, para a miña localización inmediata, se realice o chamamento a través de

- Teléfono móbil \_\_\_\_\_
- Correo electrónico \_\_\_\_\_
- Outro (indicar) \_\_\_\_\_

**SOLICITO:**

Ser admitido na convocatoria citada, a fin de participar no proceso de selección correspondente.

En Maceda, a ..... de.....de ..

Asdo.:.....

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MACEDA (OURENSE)**

---

**Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/D<sup>a</sup>..... provisto de DNI  
nº....., con domicilio na  
R/..... núm. .... piso.....  
C.P.....  
Localidade,.....Municipio.....Provi  
ncia..... Teléfono.....

### DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

En Maceda, a ..... de.....de ...

Asdo.:.....

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MACEDA (OURENSE)**

---

**Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tlfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>



**ANEXO III**

**RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN**

-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-  
-

En Maceda,..... de ..... de ...

Asdo.: .....

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MACEDA (OURENSE)**

---

**Concello de Maceda**

Xardíns Rosalía de Castro nº 1, Maceda. 32700 (Ourense). Tfno. 988463001.

Dirección web: <http://concellodemaceda.sedelectronica.gal>

